

14-N:

É tempo de loitar!

As loitas de hoxe, as conquistas de mañá

De novo, desde Isca chamamos a participar activamente na xornada de folga xeral do próximo 14 de novembro, que terá lugar na nosa nación e simultaneamente en outras do sur de Europa. Convocamos pois a toda a mocidade galega a mobilizarse con máis forza que nunca, a gañar nas rúas o futuro que unha minoría de capitalistas e os gobernantes ao seu servizo queren arrebatarlles desde os seus despachos.

As sucesivas reformas laborais, os recortes sociais, a escalada represiva, e en definitiva a supresión de dereitos conquistados durante décadas de loita obreira para aplicar políticas que só responden aos intereses do capital fan imprescindible esta convocatoria que o sindicalismo nacionalista viña demandando hai xa meses.

Todas as medidas orquestradas desde a UE, o Goberno central ou a Xunta presentan para nós, a mocidade galega, un ataque sen precedentes e perfectamente planificado para empobrecernos e precarizarnos cada vez máis. Aos prexuízos orixinalos polos recortes do sector público -ensino, sanidade ou servizos sociais-, e ao desmantelamento imparábel de sectores tan importantes na nosa economía como o agro, a pesca ou o naval, hai que sumarlles as agresión que as sucesivas reformas están a significar a todos os niveis. >>



FOLGA XERAL

O CAPITALISMO NON É DEMOCRACIA

POLA INDEPENDENCIA E O SOCIALISMO

>>

Frente a todo isto, dicimos que é tempo de loitar, de facerlles fronte. Mobilizarse xa non é unha opción, é unha necesidade. Nós, como mocidade revolucionara organizada, achegaremos novamente nesta data a nosa firme contribución a seguir prendendo as chamadas das miles de rebeldías que teñen que confluír para dotar de contido un proxecto de transformación real. Na campaña de propaganda, nas asembleas, nos piquetes e nas mobilizacións, faremos oír a nosa voz rebelde e anti-capitalista.

Sendo máis que nunca tempo de loita, é tamén tempo de organización. Tempo de afortalar o sindicalismo combativo e de clase encarnado pola CIG, e tempo tamén de seguir a expandir a autoorganización do estudantado galego arredor da Liga Estudantil Galega. Porque sabemos que só no avance e consolidación desas ferramentas nacionais e unitarias a mocidade obreira e estudante do noso país poderá aspirar a gañar o seu futuro.

A historia demóstranos que, cando non teñen máis remedio, o capital e os seus gobernos ceden, e así foi como tras décadas de duras loitas que tanto esforzo e sangue custaron, a nosa clase logrou todos os seus dereitos e conquistas ao longo da historia, os mesmos dereitos que agora queren roubarnos coa excusa da crise que eles mesmos provocaron. Quen acreditamos nas dinámicas da loita de clases sabemos que é así e non doutro xeito que funcionan as cousas no capitalismo, e que por tanto as nosas conquistas parciais só poderán ser definitivas cando derrubemos este sistema en descomposición e toda súa lóxica criminal.

Hoxe toca resistir contra os ataques, mañá tocará recuperar o terreno perdido, e, mais pronto que tarde, pasar á ofensiva contra quen nos explota e nos empobrece. Contruír un futuro digno fora deste sistema, deste estado a de todas as estruturas imperiais. A independencia e o socialismo son por tanto o horizonte que nos guía na nosa loita diaria, e o que nos guiará tamén este 14-N, fronte ao conformismo e a resignación que nos queren impor.

14-N, folga xeral!

**no capitalismo
non temos futuro**

as mozas
os mozos **imos
socialismo!** **construír o**

folha
axitativa
de **isca!**

nº 39

rebeber

www.iscagz.org
info@iscagz.org

